



MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ

Nacemento

1 de maio do 1940

Valencia de Alcántara
Cáceres

OBRAS

Mar adiante, Sada, Ediciós do Castro, 1973.

A festa no faiado, Vigo, Galaxia, 1983.

Leonardo e os fontaneiros, Vigo, Galaxia, 1986.

Anagnórise, Vigo, Galaxia, 1988.

O cataventos, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1989.

Verso e prosa, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991.

CONTACTO



Concello de
Camariñas

www.camarinas.net

facebook.com/concellodecamarinas

cultura@camarinas.net

Tlf. 981737234

LETRAS GALEGAS 2018

Xoves 17 de maio, 12:00
Casa de pedra

GALA

GALA DE ENTREGA DE PREMIOS DO CERTAME LITERARIO LETRAS GALEGAS

Coñeceran aos gañadores do certame
literario en rigoroso directo.


ACTIVIDADES

Os Monicreques de Kukas conducirán o acto e representarán o espectáculo Xan Perillán e a maleta máxica que mestura o clown e a pantomima coa maxia e a manipulación de títeres.

PÚBLICO

Dirixido ao público familiar.
Ademais liberaremos libros!!!!
Do 14 ao 16 de maio achégate á Biblioteca
Municipal e libera o teu libro. Eixe entre unha
selección de libros o que queiras para ti.

NO FAIADO DO COLE +10...




no faiado da directora
un rato pasa a aspiradora.



O FAIADO DE JESUS ESTACHEO DE CHUPACHÚS



No faiado dos cozinheiros
só há portas e pucheiros



NO FAIADO

DA FROFE


JULIA

HAI UN MORCEGO FEITO UNHA FURIA



NO FAIADO DA PROFE TERESA

HAI UN GATO NUNHA ARTESA.



No faiado do profe Marcos
cando chove hai charcos.



NO FAIADO DA PROFE CARMÉ
UN RATO EN MOTO NON PARA
DE AMOLARME.




No dia de prof Chus
unha araña conduce un
autobús.



No dia de prof
Irene
toca a gaita
un grupo de
Fene.

Three simple stick-figure characters are shown playing musical instruments. From left to right: a pink figure holding a red flower-like instrument; a blue figure holding a purple, cone-shaped instrument; and a purple figure with long legs playing two orange circular drums.


NO FAIADO DA PROFE MARTINA
NA DANOS RATOS NUNHA TI NA.



NO faiado da profe Dominga
cando chove pinga.




No faiado do profe André's
están as telas do revés.



NO FAIADO DA PROFE SONIA
FAI MAIS FRÍO, QUE NA PONIA.



No xaiado da profa Bibiana
xogamos aos dardos Ien Diana



No xaiado da profa Mar
Dora Cueruta casou con Don
calamar.



No faiado do Profe Roberto
vive un morcego moi
terco.



NO FAIADO DAS COIDADORAS
DORMEN AS PROFES NAS
MECEDORAS.





O monstruo pepe

Pepe era un monstruo de duas cabezas. Cada cabeza tinha o seu propio pescozo que se unia a un solo corpo. Pepe era de cor verde, tiña catro brazos e dous pésnas, un olo e unha coella en cada cabeza. Pepe viviu nun bosque encantado chamado Os Medrãos. O pobre pepe non tiña amigos. Pepe sentia vergonxa do seu corpo e só saía polas noites e case non falaba con nadie.

Los raios do sol o resto de seres do bosque saxon a pasear e a xogar e atoparonse con Pepe. - Olá! como te chamas? preguntoulle un esquío de cor amarela. - Non sé sei. Non me acuerdo de nada. - Queres xogar connosco?

discolle un coello cheo de verrugas.

- Claro! - dixo Pepe feliz.

Xogaron todo o dia.

- Xa me acuerdo de todo. Chamame Pepe.

- Que ben! - disseron todos. Queres volver mañan a xogar

con nos? x

-Claro! - Dijo Pepe de ver que non se burlaban del.
E así foi como Pepe perdió vergüenza sobre su
cuerpo.

Fin

Pseudónimo : Soleador.

O E O LEXIO

Os luns pola manan
cando me levanto
non quero ir a calxio
teno unha cara que esposta.

Tenmo moitas amigas
as que llevo a xogar
o peor son os castigos
que nos ponen por faltar.

As mays pola manan
cando me levanto
mío pola vento
e a miña librito aguanto.

Os paxarinos pían
os arbores beroden
o sol berilla
e as miñas amigas alegres camiñan.



Pseudónimo:
Caminante

A biblioteca encantada

Había unha vez fai moitos anos, nun colexio unha biblioteca que estaba encantada e que cando os nenos/as ían a biblioteca a coller un libro, de súpeto ao chegar a clase para lelo todo estaba en branco: non había nin título, nin letras, nin debuxos e os nenos e nenas ían a xunto ós "profes" e dicíanlle:

- Profe, profe! Os libros que collemos están en branco e non teñen nin título, nin letras, nin debuxos.

Pero de repente, cando abrían os libros e llos ensinaban volvían a aparecer as letras, os títulos, os debuxos... e os profes dicíanles aos nenos.:

- Como que non ten nin título, nin letras, nin debuxos, nin nada?

E os nenos dicían:

- Pero profe, cando nos fomos a ler, non había nada diso, estaba completamente en branco!

Despois, cando os nenos ían a casa dicíanllas as súas nais que os libros aparecían en branco e as nais dicían:

- Pero como vai pasar iso! Mañá imos ao cole a ver se é verdade.

Ao día seguinte, as nais foron ao colexio para ver que pasaba na biblioteca e os nenos ensináronlle as nais o que pasaba e comprenderon que os nenos e nenas tiñan razón.

Cando voltaron aparecer os profesores, os libros volveron a ter o título, as letras e os debuxos. As nais explicáronlle aos profesores que, cando eles non estaban diante, había un encantamento na biblioteca e por iso cando eles non estaban os libros quedaban totalmente en branco.

Un día, os profes estaban na biblioteca e cando ningúén miraba viron como aos libros lle desaparecían as letras, os debuxos e o título e decidiron pechar a biblioteca para sempre!

Ata que un día contrataron a un meigo chamado Benxamín. Benxamín ía cada día ao colexio a falar cos profes sobre que truco podía arranxar o misterio da biblioteca. Finalmente, despois duns días o mago encontrou un feitizo para desembruxar a biblioteca e ensinoullo aos profesores do colexio e quedou todo normal.

E acaba este conto, con pan e pementos e todos contentos.

Limón



O Meu Peto

Leyo no meu Peto

auga de nube

Sombra de Bosque

Brillo de insecto

unha Moeda,

un papel branco con un trazo Recto

luas e soles Foller pas

Brancas Brancas

Lamitos de inverno

Mans que se collen

Risas de amigos

Bicos a centos

Levo na Peto

Mundos felices

Poucos obxetos

Mostrias da Vida

Todo perfecto !!!

BAMBI



A LENDA DA LAGOA PINCOSA

Esta é a antigua historia dunha vila chamada Bolboretus, onde só habitaban bolboretas.

Hai moitos anos nesa vila estábase a celebrar o cumpreanos da bolboreta máis anciá, Florentina, a cal tiña 92 anos. Mentre que as demais bolboretas rían, cantaban e bailaban, máis alá sentada nunha pequena butaca encontrábase a nosa protagonista, Emily, unha pequena bolboreta de cor rosa. Emily tiña 10 anos e o que más desexaba no mundo era ter unha irmanciña coa que poder xogar.

Naquel día soleado, mentres todas as demais bolboretas festexaban e se divertían, a nosa bolboreta non podía parar de pensar en algo que lle oira dicir aquela mañá a dúas bolboretas no mercado, unha lenda sobre un lugar chamado Lagoa Pincosa, onde según dín, concédesche calquer desexo.

Aquelhas palabras revoloteaban pola súa cabeza unha e outra vez, ata que por fin se decidiu, iría na procura daquel misterioso lugar, atoparíaoo e pediría unha irmá. Así que sen dudalo alzou o voo e púxose en marcha, sen un lugar fixo a onde ir, tan só sendo guiada polo que lle decía o seu corazón, voou e voou sobre lugares que xamais vira, viu todo tipo de criaturas que xamais se imaxinara, seguro que cando regresase a vila e lles contase as demais bolboretas as cousas que vira trataríana como unha heroína, bueno eso se conseguía regresar. Foi ahí cando se deu conta de que non deixara ningún tipo de rastro ou camiño polo que poder regresar, nese momento asustouse e comezou a dudar sobre que debería facer, cando de pronto unha gran tormenta comezou a caer sobre ela, apenas conseguía manter o equilibrio, intentou buscar un lugar onde resguardarse ata que amainara a tormenta, pero era inútil, cada vez chovía con más intensidade, de súpeto unha ráfaga de vento azotouna tan forte que perdiu completamente o equilibrio e comezou a caer sobre o que parecía un gran lago, intentou con todas as súas forzas retomar o voo pero era incapaz, o vento era demasiado forte, loitou e loitou pero xa non podía máis, cando se deu conta xa estaba sumerxida naquel lago, os ollos comezaban a pechárselle e so podía pensar no que dirían as demais bolboretas, de si se preocuparían por ela, se a botarían de menos, se a intentarían buscar, mil cousas pasáronseelle pola cabeza antes de perder totalmente a consciencia.

Cando espertou non estaba na auga, atopábase nunha habitación de cor branca, adornada con infinidade de flores de todas as cores e tamaños. Tal vez aquello era o ceo, tal vez morrera afogada naquel lago, as bágoas non paraban de saírlle cando ao lonxe viu que se acercaba unha gran bola de luz. Esta é a miña hora, pensou a nosa bolboreta, pero cando aquela gran bola de luz chegou ata o seu carón puido ver con claridade que se trataba dunha bolboreta moi brillante e fermosa que comezou a falarlle:

-Ola pequena bolboreta, por que estás a chorar tan desconsoladamente?

-Porque morré... -díolle a nosa bolboreta entre saloucos.

-Que morreches? Cando pasou tal cousa?

-Cando caín naquel lago.

-Non miña pequena bolboreta non morreches, atopaste na Lagoa Pincosa onde só as bolboretas de bó corazón poden entrar. Que é o que o teu corazón tanto ansía?

Intentando coller un pouco de aire Emily respondeulle:

-A Lagoa Pincosa? Oín que se chegaba ata este lugar concederíaseme un desexo, é verdade?

-Sí ,é verdade, acaso queres un desexo?

Emily díolle sen dudalo: -Quero unha irmá!

A bolboreta brillante só sorriu, soltou unhas chispas de cores e de súpeto todo comezou a brilar dunha forma moi intensa, Emily apenas podía ver nada, pechou os ollos un segundo e ao volver a abrilos atopábase na súa vila. Triste e abatida a nosa bolboreta pensou que tal vez quedara durmida naquela butaca, que todo fora un soño, que aquela misteriosa bolboreta nunca existira, que nunca voara ata aquel lugar e que xamais tería un irmá. As bágoas estaban a punto de comenzar a saír cando de pronto sentiu algo que tiraba dela con forza, ao mirar pra baixo non podía creer o que vía, unha bolboreta moi pequena estáballe a tirar do brazo, unha bolboreta dunha cor azul turquesa que xamais vira, entón aquela pequena bolboreta comenzou a falar: Irmanciña! Quero bailar, vamos!

A bolboreta estaba moi confusa, non entendía o que estaba a pasar pero entón caeu na conta, aquela misteriosa bolboreta brillante sí fixera o seu desexo realidade, sí emprendera aquela travesía e sí conseguira chegar ata a Lagoa. Así que máis feliz ca nunca foi a bailar coa súa nova pequena irmá e viviron felices pra sempre.

FIN

NÉMESIS



O OUTONO

Os paxaros marchan
buscando a calor,
as follas caen
e cambian de cor.

O día é más curto
xa non quenta o sol;
e os ourizos
ben espiñosos que son .

Pola mañá pían os paxariños,
pola noite tócalle aos bufos,
pola tarde cantan as fadas
e a noite cérrana os bruxos.

O sol sae moi cedo,
que ganiñas de madrugar,
cando chega a lúa
tense que agochar.



Galicia

Galicia é unha sensación que te dá a Costa da Morte , é a lingua , é o pasado , é a felicidade , as miñas palabras non a poden definir .

A sensación dá Costa da Morte ao bañarse nas praias , son os pescadores pescando ao anoitecer no mar .

As cores do arcoíris definen a Galicia .É fermoso como Galicia polas cores do mar , da natureza,dos campos en primavera e de todos os paisaxes .

Restiro .



Medo

"Non teñas medo, non pasa nada, mantente forte, non mires atrás, non teñas medo". Estas palabras acompañaronme durante moitos días, durante unha longa e tormentosa viaxe que a miña familia e eu emprendemos.

- Non te preocunes Farah, xuntos conseguirémolo. Non teñades medo. Todo vai saír ben e necesito da túa força – dicíanos a miña nai cada día para tranquilizarme a min e aos meus irmáns.

Levábamos días escondéndonos debaixo da cama, rezando para que ningunha bomba caera na nosa humilde casa, moitos días sen poder ir ao colexio, sen saber se volveríamos a ver a papá mentres saía a buscar algo que levarnos á boca. Papá xa non podía traballar, non había forma de gañar diñeiro e decidiron gastar os aforros en marchar, en marchar todos xuntos, os seis xuntos.

Collemos o noso burro e subimos ao carro co pouco que tiñamos, apenas unhas mantas e a ilusión de poder vivir tranquilos novamente.

- Nenos, imos ver o mar, vovos ensinar o inmenso e precioso mar. Non chores meu amor, non teñas medo, prométoche que todo sairá ben Farah – animábame papá.

Eu son a maior de catro irmáns, teño oito anos, e os meu irmáns son más pequenos, Leylak ten catro anos e os xemelgos só un, Dija e Zaid.

Papá dixéranos que tiñamos que chegar a un peirao, que estaba un pouco lonxe. Estabamos moi contentos á vez que asustados, pois no camiño encontrabámonos con moita xente que estaba na nosa mesma situación, pero tamén con xente que se rendía.

- Conseguímolo pequenos, chegamos. Vedes esa balsa? Imos subir con toda esa xente e todos xuntos chegaremos a un lugar mellor, axudarannos e nunca máis volveremos a ter medo. Faremos desaparecer esa horrible palabra das nosas vidas.

Empezamos a movernos e, logo dun tempo, o motor parou. Mamá e papá estaban asustados tamén. Facía frío, a xente choraba pero eu prometéralle a papá que non teríamos máis medo, que virían a axudarnos. De pronto vimos un helicóptero, e asusteime porque pensaba que nos descubriran e nos tirarían unha bomba. Pero non! Viñan axudarnos!

Leváronos a un refuxio onde había máis familias coma nós. Dábannos comida, tiñamos un teito onde durmir, Leylak e eu íamos a un colexio e xa tiñamos moitos amigos. Cantamos, xogamos e tamén estudamos outras lingua.

Papá axudaba cos traballos más pesados, están construíndo máis casñas e mamá cociña e aprende a coser con outras nais mentres coidan os bebés.

- Papá, mamá, son moi feliz. Estou estudiando moito e vou ser unha nena moi lista, ides ver como de maior vou ser mestra e vou ensinar os nenos xa que merecemos unha vida mellor.

- Eu serei médica mamá, para coidar aos pais e aos nenos – dicía Leylak moi ilusionada.

Papá e mamá emocionábanse moito de vernos por fin felices, tranquilas e porque definitivamente a palabra medo xa non formaba parte das nosas vidas.

Papá conseguira a súa promesa.

Pero a pesar de todo, os maiores non estaban de todo felices, porque a nosa nova casiña é pequena e non podemos saír de aquí ata que nos dean unha alternativa de asentamento, a comida está racionada e non temos a comodidade plena de poder facer unha vida normal, coma os non refuxiados.

Tamén estou segura de que pronto o conseguiremos, e mentres tanto vivimos sen medo, por fin.

Aneleh



“THALATTE”

As doces augas da miña Praia
Bican a rocha do teu peito frío.
Deusa branca que sangra asolagada
Aguardando esmorecida
O fervor da túa alma.
Vara paseniña nas miñas costas,
Deixate aloumiñar
Pola cálida área branca.
Ancla o teu peito bravío
repousa...
bonita, fermosa
Languidece ó meu carón
Non vaias a outras praias
Que ignoran a paixón
Deixaches
Quedar pegadas impresas
Na miña alma.
Cravaches
sen dó no meu peito
o fero e intrépido rizón
da barca a deriba
presa do meu amor
fica aquí, non marches
fica conmigo amor

miña deusa branca
fica o meu carón.

Zeus



A BUGUINA DA AVOA

Había unha vez unha nena que se chamaba Uxía. Estaba triste porque a súa familia mudábase á cidade. Ela non quería deixar Camelle: os seus amigos e amigas; o seu colexio; a súa avoa Mariña... Era feliz nesta pequena vila. Non entendía porque tiñan que marchar. Pero, ella non decidía. Eran cousas de maiores.

O día que marchaba, a súa avoa regaloulle un colar cunha figuriña dunha buguina:

-Lévao sempre contigo. Cando te sintas soa, pecha os olliños e achega a buguina ao teu oído..., escoitarás o son das ondas do mar e viaxaráis a Camelle. Despois, cóntalle os teus segredos, os teus medos; chegarán a min polo aire, traeremos o vento do Nordés.

- Grazas avoa. Será o meu talismán. Seguro que me dará moita sorte.

Pasou o tempo e Uxía foi sendo feliz na cidade. Cando se sentía soa achegaba a buguina á súa orella e aí, sentía o mar, acariñándolle os pés, os nocellos... Escoitaba as gaivotas do muelle e volvía a tranquilidade.

Cada vez que voltaban a Camelle e visitaba á súa avoa, Uxía dicíalle emocionada:

- Avoa, esta buguina, funciona, funciona!!!

E pasaban a tarde falando de todas as cousas novas que ía aprendendo; das súas novas amizades... da súa nova vida na cidade.

Colorín, colorete
pola buguina escoitouse un foguete.



Pseudónimo: PetaZ

Título: **“Pancho e o depósito de gasoil”**

Querido Alexis:

O que che quería contar pasou un día calquera!

Estando no cole enredando cun bolígrafo, arranquei un bracket e pedinlle ao conserxe se me deixaba chamar a casa. Falei coa miña nai e díxome que xa chamaba ao dentista para ver cando mo podía reparar.

Despois de comer fun xogar ao fútbol cos meus amigos e apareceu a miña nai a buscarme. Pensei que me levaría ao dentista, pero non... era para salvar a Pancho (o can dos meus curmáns). Pancho é un “ratonero bodeguero andaluz”; é un can moi nervioso e moi áxil, ademais de moi intrépido. Ten subido a sitios moi altos, pero desta vez... meteuse na caseta do depósito do gasoil da calefacción. Esta caseta está toda pechada e só ten no teito un ventanuco rectangular para poder encher o depósito.

Pois ben; tiveron que levantarme ata o ventanuco e meterme por ahí posto que era o único que podía caber nese sitio tan estreito. Desliceime por encima do depósito, doíanme as costas pero seguín adiante. Co un foquiño alumei e vin por fin a Pancho. Caera para abaixo do depósito e estaba entre este e a parede sen posibilidade algúnhha de poder subir e saír.

Estirei os meus brazos cara abaixo e logrei agarralo. Avisei aos que me estaban a suxeitar as pernas que tirasen por min posto que eu tampouco tiña espazo para moverme moito. Tiraron e fomos saíndo os dous. Pancho estaba toliño de todo, lambíame, saltábame, non sabía como agradecerme que o salvara. Pobriño! Debío de pásalo moi mal.

A ver se vés pronto e preséntoche a Pancho.

Bicos.

PetaZ



Galicia

Galicia é a nosa terra,
é a patroa dos mariñeiro,
é a xefa dos labregos
é a terra dos galegos!

Porque rei Breogán
Galicia será tan fermosa,
porque rei Breogán
construíches nesta terra tan marabillosa.

Galicia é unha terra
que non podemos olvidar
famosa pola gastronomía
e polo xeito de soñar.

A nosa madriña es,
mellor que ningunha
porque sempre de regalo
nos dás unha lúa.

Cando as raiolas do sol entran pola ventá,
desperto feliz, contenta, forte e amable;
mentres os paxariños non paren de piar,
non vai existir sensación máis agradable.

Es ti a única capaz de facerme chorar,
chorar de alegria por ser galega;
e chorar de tristeza por saber que podes acabar.

Sen ela non son nada
iso seino eu ben,
porque é ela quen me inspira
e é a miña terra tamén.

Porque sempre me sacas un sorriso cada día,
porque sempre estás nos meus soños de armonía
porque sinto orgullo de ser galega,
se es ti a que me susurra sempre: "respira"

Cantar, cantarei,
nosa señora fermosa
pero o que non negarei
é que es unha deusa.

Tí es o meu sol,
cando amanece e sae
síntome forte,
cando atardece e cae,
xa non teño soporte.

Serás unha rosa?
Eu penso que si
porque cando camiño
sempre penso en ti.

Es fermosa coma ti soa,
de gastronomía non che digo nada
pero o que más me gusta de ti
é que tes a xente namorada.

Esta é a última estrofa
nosa terra de aquí,
porque es tan fermosa
que non te podemos describir.

PAXARIÑA.



NON

Con bágoas
nos ollos
dígolle non,
el ignórame
e segue
tentando
quitarme a roupa,
vólvolle a
dicir non,
esta vez más alto,
pero el nin se
inmuta.

Núblaseme
a vista,
cando el
introduce
unha man
dentro de
o meu pantalón,
entón aí
reacciono
e pego
un berro
como única
esperanza...
el ri,
sabe que
ninguén me
escoita,
volvo a
berrar pero el
impídemono
tapándome
a boca.
Nese
preciso momento
todo o meu
mundo rompe
en anacos.

Nana